- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
12	Reirse de uno mismo	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas .	PE	60
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese,		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra.	TI	40
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral

Contidos

- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Procesos: produción oral.
- Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.

Contidos

- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coa lingua galega e lingua inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social. Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

>Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo

que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 12 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música urbana, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, presentacións etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Portátiles de alumnado E-dixgal
2. Equipo dixital de aula
3. Biblioteca de aula
4. Biblioteca do centro
5. Internet
6. Libro dixital: editorial NETEX
7. Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA)
8. Obradoiro de cómic
9. Charla de exalumnado do colexio sobre a súa profesión: o periodismo.
10. Visitas escolares: ás igrexas da contorna, castelo de Ponferrada, catedral de Santiago, Museo da Enerxía,...
11. Participación en convocatorias de creacións literarias.

Portatil para mestra, proxector, pizarra dixital.

Miniportátiles EDIXGAL do alumnado con acceso ao espazo Virtual de Aprendizaxe EVA e a outros recursos da Internet.

Recursos da biblioteca: dicionarios, libros de consulta, narrativa, cómic, poesía, revistas, folletos, etc

O obradoiro de cómic serverá para coñecer a técnica do cómic e poder ter acceso ao seu propio proceso de creación.

A charla co exalumnado que actualmente son periodistas sobre a súa profesión, pretende achegar ao alumnado a coñecer en que consiste este traballo a través de persoas que cursaron infantil e primaria no noso centro.

As visitas escolares propiciarán a busca de información, a súa organización, comprensión e exposición en distintos soportes: oral, escrito, dixital, ...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do comezo do curso para obter información sobre o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior.

A avaliación inicial consistirá nunha proba escrita: preguntas en relación cos contidos do curso anterior, elaboración de textos escritos, exercicios de lectura e comprensión lectora, e de expresión e comprensión oral.

Asemade, revisarase o expediente de cada alumno/a para ter unha maior información personalizada.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante a lingua, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Os resultados da avaliación inicial, serán introducidos pola titora na aplicación XADE.

As familias serán informadas de forma global no mes de setembro, durante a reunión colectiva coas familias e de xeito individual a través de entrevistas individuais coas mesmas

Tamén, ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

O coñecemento dos niveis, características e necesidades dos alumnos permitirannos tomar unha serie de decisións relativas a:

- planificar e programar as actividades docentes.
- adoptar medidas de atención á diversidade na aula.
- metodoloxías a empregar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	8	8	9	8	9	9	8
Proba escrita	60	60	60	60	50	60	40	65	60	50
Táboa de indicadores	40	40	40	40	50	40	60	35	40	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	50	60	56
Táboa de indicadores	50	40	44

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita na última sesión de cada UD, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido segundo os CA seleccionados..

Todos estes indicadores sumarán puntuación ata acadar a porcentaxe correspondente:

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as catro unidades didácticas, obterase a media das catro e darán a nota da avaliación.

O 100% da nota da avaliación final obterase coa media ponderada das tres avaliacións, do xeito seguinte:

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.4

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalguna unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan autoxestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade didáctica 12, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o departamento de orientación e o equipo directivo.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. A aula de 5º de primaria disporá este curso académico con profesorado PROA+ profesorado de PT e AL. De ser necesario deberíase ter en conta a dispoñibilidade do profesorado para apoios dentro da aula para poder ampliar o RE.

.Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

Se na nosa aula dispoñemos de alumnado procedente do estranxeiro, deberá seguir un plan de inmersión lingüística e reforzo específico.

O ter EDIXGAL na aula facilita que cada alumno/a realice tarefas graduais e máis personalizadas acordes coas súas capacidades persoais, podendo ampliar ou reforzar aspectos determinados.

O modelo de traballo por equipos colaborativos permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais , pola que uns axúdanse aos outros.

Nas actividades grupais prestarase especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignaráselle maior responsabilidade a aqueles con maior destreza neste eido, se ben todos e todas deberán pasar por ese rol nalgún momento, dándolle as ferramentas oportunas.

Cando o alumnado non poida asistir ao centro docente por causas xustificadas terá atención virtual por EDIXGAL, videoconferencias por plataformas corporativas, comunicación por mensaxería Abalar e/ou por correo corporativo.

Posto que cada estudante difire doutros na súa forma de procesar a información, de relacionarse cos demais e o seu entorno, de percibir sentimentos e emocións e de manifestar unha ou outras habilidades, é preciso seguir un modelo inclusivo que pretende adaptarse a calquera estudante baixo calquer situación.

Así, seguiranse as seguintes pautas do Deseño Universal de Aprendizaxe:

- Variar o nivel de esixencia
- Fomentar a colaboración.
- Facilitar estratexias e habilidades persoais para afrontar os problemas da vida cotiá e desenvolver a autoavaliación e a reflexión.
- Clarificar o vocabulario e os símbolos.
- Activar coñecementos previos, destacar características fundamentais, ideas principais, palabras clave, ...
- Realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos,...
- Guiar o procesamento da información, a visualización e a manipulación.

O protocolo de protección de datos estará presente en todo momento e en cada unha das actuacións así como calquer outro que sexa necesario aplicar.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para un consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - Educación para un consumo responsable	X	X	X	X

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de cómic	Participación nun obradoiro de cómic e desenvolver na biblioteca do centro.	X		
Charla- presentación da última obra da escritora Celia Díaz Núñez.	Asistencia á presentación da última obra desta escritora.	X		
Realizar "Ruta literaria de los escritores y escritoras de Quiroga"	Realizar esta "Ruta literaria" escaneando os códigos QR con poemas gravados polo alumnado do noso centro o pasado curso.		X	
Charla- coloquio coa escritora Andrea García Martínez sobre o seu libro " Animais fantásticos de aldea".	Asistir e participar á charla-coloquio coa autora do libro na biblioteca previa lectura do mesmo.		X	
Charla dalgún ou varios profesionais do periodismo (exalumnado deste centro).	Asistencia a unha charla dun ou varios periodistas para relatalles en que consiste a súa profesión. na biblioteca do centro		X	
Participación no Colexio do Benquerer.	Participación do alumnado para traballar a educación afectivo sexual dunha maneira integral, cunha base de igualdade respecto á diversidade, educación emocional e fomento do pensamento crítico.	X	X	X
Visitas escolares: igrexas da zona, castelo Ponferrada, catedral de Santiago,...	Participación na busca, selección, organización e exposición de información sobre estas saídas.	X	X	X
Participación nas actividades planificadas polos distintos equipos e departamentos do centro.	Participación do alumnado nas actividades programadas polos equipos e departamentos de maneira activa e creativa .	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en diferentes convocatorias de creacións literarias	Participación activa con creacións literarias de distintos xéneros.	X	X	X

Observacións:

Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo, así como a participación en varias propostas dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa. As saídas para visitar algún lugar relevante servirán para que o alumnado realice un traballo de investigación previo, buscando, seleccionando, organizando a información e, noutro momento, facer unha presentación do mesmo podendo realizar esta en diferentes soportes(oral, escrito manualmente, dixitalmente, presentacións dixitais,...).

Tamén participaremos en todas as conmemoracións colectivas que realiza o centro. Serán actividades programadas polos equipos e departamentos do centro de maneira activa e creativa para desenvolver e interiorizar actitudes e valores neses ámbitos. Por exemplo: Día da Muller. Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día das Letras Galegas etc.

As actividades complementarias das charlas coas escritoras están vencelladas con:

CA1.3: "Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima".

CA2.1.: " Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos".

CA2.2.: " Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar, e un vocabulario adaptado ao nivel".

A actividade complementaria das visitas escolares están vencelladas a:

CA3.4: "Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura".

CA3.7.: "Elaborar textos escritos e multimodais coherentes en distintos soportes, integrando recursos gráficos que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante".

CA4.1.: " Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados".

A actividade da charla sobre periodismo a cargo de exalumnado do centro, está vencellada con :

CA2.6.: " Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas".

A actividade de participación no Colexio do Benquerer está vencellada con:

CA2.7.: " Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero".

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
7- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
8- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
9- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

13- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
14- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
Medidas de atención á diversidade
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
5- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
6.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
10- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
11- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
12- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
Clima de traballo na aula
3- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
15- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4-Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

>Grao de adquisición de competencias na área.

>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.

>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.

>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.

>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.

>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

O seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación serán levadas a cabo nas reunións de equipo de ciclo e recollerase nas actas das mesmas. Inclúiranse as medidas de atención á diversidade, se se introduciron, as modificacións, modificación do número de sesións, ... e as propostas de mellora na aplicación Proens. Esta acción terá unha periodización mensual ao remate de cada UD.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados